

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE MAIO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteito de maio de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 21 de Maio do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

Vista a solicitude de **Inmobiliaria Cerber**, con domicilio na rúa Rosalia de Castro nº 14, O Carballiño, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na estrada N-120 s/n, M.I., As Chabolas, Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 25.05.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espazo natural Ribeiras do Miño, espazo nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. A parcela con Referencia Catastral de Rústica, Parcela 524 a-b), do Polígono 28, corresponde a Solo Rústico, según consta na Cartografía Oficial das NNSSM.

- a. Regulado por o Art. 31 e seguintes da LOUGA, na Categoría que establece o Art. 32-c) Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.
2. Sobre a parcela, atópase construída unha vivenda unifamiliar de B+I, e antigüidade superior a 25 anos, deshabitada según se aprecia por os signos externos (Nº 42).
 - a. A dita vivenda, elle de aplicación o réxime de Fora de Ordenación, según sinala o Art. 103-2)
 3. Axúntase co presente informe:
 - a. Plano NNSSM, E 1: 10.000
 - b. Plano catastral de Rústica
 - c. Art. 103 da LOUGA. “

Vista a solicitude de **Ramón Vidal Fernández**, con domicilio na rúa Subida O Piñeiral nº 5, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na rúa Formigueira, Francelos (Ref. Catastral 97.13.9-17), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 28.05.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993. ç

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. A parcela con Referencia Catastral 97.13.9-17, corresponde a Solo Urbano, regulado por a Ordenanza 14.2, USOS MIXTOS, GRADO B.
2. A solicitude de Condicións Urbanísticas, plantexa a parcelación da parcela de referencia.
 - a. As condicións de parcelación, establécense na propia ordenanza 14.2, con sometemento ao que sinala a LOUGA, na Sección IV Parcelacións, Art. 204 e concorrentes.
 - b. Con suxeición ao proceso de obtención de licenza, Art. 194 e 195 da LOUGA.

- c. A parcela matriz con fronte a dúas vías públicas non pode anular as condicións que lle son exixibles no Art. 16-1 da LOUGA de acceso desde a vía pública e deberán proceder á normalización das fincas para cumprir as condicións que lle son aplicables.

3. Axúntase co presente informe:

- a. Copia Ordenanza 14.2, USOS MIXTOS, GRADO B.
- b. Copia Plano Cartografía Oficial, Plano 4.1 Escala 1: 500.
- c. Plano Catastral. “

Vista a solicitude de **Miguel López Trabazos**, con domicilio en Santa Cristina nº 25, no que interesa informe urbanístico aplicable o devandito inmovible (Ref. Catastral, Polígono 40, Parcela 85), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 28.05.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, , Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. A ubicación da parcela de referencia, corresponde a Solo de Núcleo Rural, regulado por o Art. 24 e seguintes da LOUGA.
2. Axúntase co presente informe:
 - a. Plano Cartografía Oficial Núcleo Rural de Santa Cristina, a Escala 1: 5.000.
 - b. Plano Catastral.
 - c. Art. 24 e seguintes dos Núcleos Rurais.”

Vista a solicitude de **Manuel Puga Alonso**, con domicilio na avda. Rodríguez de La Fuente nº 15, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na Foz (Ref. Catastral, Polígono 46, Parcela 299), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 28.05.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espazo natural Ribeiras do Miño, espazo nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. A parcela 299, está ubicada en Solo Rústico Especialmente Protexido, según o Art. 32-2-c) e na Categoría de S.R.P.I, según establece o mesmo Artigo no apartado “c”.Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.
2. Dita parcela, está supeditada ás limitacións que por afección establece a vía férrea Monforte-Vigo e a Estrada Provincial C.V. 667.
3. Axúntase co presente informe:
 - a. Art. 31 ao 44, inclusive da Lei 9/2002.
 - b. Plano Clases de Solo, E 1: 10.000 das NNSSM. (S.N.U.)
 - c. Plano Catastral, Polígono 46, E 1: 2000.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Jesús Vázquez Fidalgo**, con domicilio na Quinza nº 3, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Progreso nº 21, 1º, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Ivan Rodríguez González**, con domicilio na rúa Progreso nº 21, 3º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º,

apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don José Chamadoira Losada**, con domicilio na avda. de Redondela nº 4, 1ºC, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando Resolución de extinción do expediente de aproveitamento de 1100 l/sg de auga do río Avia, no término de San Cristovo, con destino o accionamento dun molino fariñeiro denominado “Molino das Islas”, a nome de Dona Isolina García Santoro”.

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando Resolución de extinción do expediente de aproveitamento de 250 l/sg do arroio de Maquians, no punto denominado “Laxa de Novoa”, con destino a usos de molinería e aserrar madeira”.

-“Da Dirección Xeral de Xuventude e Solidaridade, Resolución concedendo a instalación xuvenil (40 prazas no C.X. Espiñeira) para os días 01-08-07 ó 15-08-07, para a realización de campamento de verán”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº3/07.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº3 /07, por importe de 6.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.